



## **CIRCULAR 24-2020.**

### **CRITERIOS DE SELECCIÓN PARA FORMAR PARTE DA SELECCIÓN GALEGA DE ATLETISMO 2020**

- *A todas as Delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

O Comité Técnico da FGA establece os seguintes criterios para a selección de atletas para os campionatos e competicións da tempada 2020.

#### **SECTOR DE SALTOS (Responsable: Verónica Cores)**

##### **SALTOS HORIZONTAIS**

##### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIÓN AUTONÓMICAS ABSOLUTO, SUB16 e SUB18**

- Posto no ránking galego. Terase en conta a posición no ránking galego.
- Nivel medio de marcas nas competicións próximas ó Campionato de seleccións.
- Criterio técnico do responsable do sector, do Director Técnico e os seus colaboradores

##### **SALTOS VERTICAIS**

- Será a criterio do Comité Técnico e do Director Técnico.
- Terase en conta a posición no ránking galego e o nivel medio de marcas nas competicións próximas ó Campionato de autonomías.

#### **FONDO E MEDIOFONDO (Responsable: Santiago Saco Rivera; Categorías menores: Óscar J. Seone)**

##### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES SUB16 (600 y 1.000 m.) (20-21/06/2020).**

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición
- 2- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 3- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas inscribírase na proba que máis beneficie os intereses da selección galega.

##### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES SUB18 (800 y 1.500 m.) (Pamplona, 06/06/2020).**

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición
- 2- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 3- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas inscribírase na proba que máis beneficie os intereses da selección galega.



## **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES ABSOLUTO (800 y 1.500 m.) (Ciudad Real, 18/07/2020).**

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición.
- 2- A categoría deportiva e experiencia do atleta.
- 3- O estado de forma actual do atleta.
- 4- Regularidade competitiva e a resposta do atleta ante competicións relevantes.
- 5- Posto nos Campionatos de Galicia.
- 6- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 7- Proxección atlética.
- 8- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas de inscribirse na proba que máis beneficie os intereses da selección galega.

### **SELECCIÓN GALEGAS DE CAMPO A TRAVÉS**

#### **1. CAMPEONATO DE ESPAÑA DE CAMPO A TRAVES (Zaragoza, Parque lineal Plaza, 08/03/2020)**

Os criterios de selección para este Campionato de España de campo a través por Autonomías serán os seguintes:

- 1.1. **Categoría Senior Homes:** Serán seleccionados de forma **directa os 4 primeiros** atletas clasificados no Campionato de Galicia.
- 1.2. **Categoría Senior Mulleres:** Serán seleccionados de forma **directa as 3 primeiras** atletas clasificadas no Campionato de Galicia.
- 1.3. **Resto de categorías:** (Sub23 Homes, e Sub20 Homes e Mulleres: Serán seleccionados de forma **directa os 3 primeiros/as** clasificados/as no Campionato de Galicia. En Sub23 Mulleres as 2 primeiras clasificadas no Campionato de Galicia).

Correranse os postos daqueles atletas que caso de participar polos seus clubs respectivos, non teñan ficha pola Federación Galega; ou participen como individuais pertencendo a outras federacións.

O resto dos atletas, ata integrar cada unha das Seleccións, serán designados polo Comité Técnico da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta:

1. A categoría deportiva e a experiencia do atleta.
2. O estado actual de forma do atleta.
3. O nivel de regularidade e resultados nas competicións da actual tempada.
4. A resposta do atleta ante competicións relevantes.
5. Os resultados das confrontacións entre os propios atletas.

Casos excepcionais: O Comité Técnico resérvase o dereito de seleccionar a aqueles/as atletas que o día do Campionato Galego non poidan participar por participar nunha competición de rango superior, ben por lesión ou enfermidade, sempre cando o xustificuen, ou que tivesen que participar representando o seu club o mesmo día noutro Campionato Autonómico. A decisión adoptárase, unha vez analizados os motivos expostos polo atleta ou adestrador por parte da Dirección Técnica da FGA.



A FGA resérvase a posibilidade de non seleccionar a cantidade máxima de atletas permitidos en cada categoría e indicados na táboa seguinte, pero sempre levará número suficiente de atletas para completar os diferentes equipos **sempre e cando o nivel dos mesmos así o aconselle:**

CATEGORIAS	CANTIDADE MÁXIMA	CANTIDADE MÍNIMA
Sénior Homes	6	4
Sénior Mulleres	6	4
Sub23 Homes	6	4
Sub23 Mulleres	6	4
Sub20 Homes	6	4
Sub20 Mulleres	6	4

Non será autorizado a competir no Campionato de España de Campo a través a ningún atleta galego que habendo sido seleccionado previamente pola Federación Galega de Atletismo, negácese a participar coa mesma (Acordo da Asemblea Xeral da Federación Galega de Atletismo en 2003).

## **2. CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB16 E SUB18 POR AUTONOMÍAS (C.S.D.) (Pamplona 15/03/2020).**

**2.1. CATEGORÍA SUB16:** Os 4 primeiros clasificados no Campionato Galego de Cros Escolar da Xunta de Galicia a celebrar en Portas o 07/03/20.

2.1.1. O resto dos/as atletas (no caso de coincidir) hasta integrar cada unha das Seleccións serán designados pola Dirección Técnica da Federación Galega de Atletismo tendo en conta:

2.1.1.1. As actuacións dos atletas nas competicións máis recentes da actual tempada.

2.1.1.2. A resposta do/a atleta ante competicións relevantes a estes niveis

2.1.1.3. Os resultados das confrontacións entre os propios atletas.

**2.2. CATEGORÍA SUB18:** Os 3 primeiros do Campionato Galego que se disputou en A Rúa o 26/01/20.

2.2.1. O resto dos/as atletas, hasta integrar cada unha das Seleccións, serán designados pola Dirección Técnica da Federación Galega de Atletismo, tendo en conta:

2.2.1.1. O resultado do Campionato galego de pista cuberta en 3.000 m.

2.2.1.2. As actuacións dos/as atletas nas competicións mais recentes da actual tempada.

2.2.1.3. A resposta do atleta ante competicións relevantes a estes niveis.

2.2.1.4. Os resultados das confrontacións entre os propios atletas durante a tempada.



## **SELECCIONES GALEGAS DE PISTA**

Os criterios de selección para os diferentes Campionatos de España por Autonomías serán os seguintes:

### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES SUB16 (3.000 y obstáculos) (20-21/06/2020).**

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición
- 2- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 3- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas inscribírase na proba que máis beneficie os intereses da selección galega.

### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES SUB18 (3.000 y obstáculos) (Pamplona, 06/06/2020).**

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición
- 2- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 3- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas inscribírase na proba que máis beneficie os intereses da selección galega.

### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES ABSOLUTO (Ciudad Real, 18/07/2020) (3.000, 5.000 y obstáculos):**

- 1- Marca actualizada en función da proximidade da competición.
- 2- A categoría deportiva e experiencia do atleta.
- 3- O estado de forma actual do atleta.
- 4- Regularidade competitiva e a resposta do atleta ante competicións relevantes.
- 5- Posto nos Campionato Galegos.
- 6- Os resultados das confrontacións entre atletas de similares marcas.
- 7- Proxección atlética.
- 8- No caso de que un atleta figure como primeira opción en dúas ou máis probas de inscribírase na proba que máis beneficie os intereses da selección galega.

## **SECTOR DE MARCHA**

**(Responsable: Carlos Morales Velasco, Adxunto: Fco. Javier Vázquez)**

### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE MARCHA EN RUTA POR FEDERACIONES (16 Febreiro, Torrevieja)**

- Clasificación directa pola actuación no campionato galego de marcha en ruta do 1 de febreiro de 2020 ao campión galego sub16, campioa galega sub16 e o primeiro e primeira clasificados sub20 (xuntando as categorías sub18 e sub20). Este campionato é o concurso clave para seleccionar os atletas que formarán parte do equipo galego, pero non é obrigatorio ter resultado para ser seleccionado (podería darse o caso de que os mellores fosen descualificados ou non participasen por causa xustificada).

#### **A selección completárase segundo os seguintes criterios:**

- Criterio técnico do responsable do sector e Director Técnico.
- Actuación no Campionato Galego de Marcha en ruta do 1 de Febreiro de 2020 en Marín.
- Posto no ranking galego e mellores marcas acadadas, tanto en pista como en ruta



- e en diferentes distancias, pero primando a distancia oficial para o campionato.
- Se terá en conta o estado de forma e rendemento nas competicións previas á selección, incluso probas fora de Galicia.
  - Enfrontamentos directos entre os/as atletas.

Os equipos poden estar formados por un mínimo de 3 atletas (puntúan 3) e un máximo de 5 atletas, non sendo obrigatorio completar a selección se o nivel deportivo actual, a proxección ou actitude e comportamento do atleta desaconséllao.

Aínda que non son mínimas de obrigado cumprimento, si se fixan as seguintes marcas aproximadas do nivel mínimo esixido orientativo para poder ser seleccionados (non vale só con quedar ou estar entre os 3-4-5 primeiros de Galicia, hai que asegurar certos resultados).

- Cadete Masculino <29' en 5km o 5000m marcha
- Cadete Feminino <30' en 5km o 5000m marcha <17'15" en 3000m marcha
- Xuvenil/Junior Masculino <54' en 10km marcha en ruta <26'30" en 5km o 5000m marcha
- Xuvenil/Junior Feminino <59' en 10km marcha en ruta <28'30" en 5km o 5000m marcha

#### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS ABSOLUTO**

- Posto no ranking galego en todas as distancias primando para esta selección a proba de 5000m Marcha en pista.
- Estado de forma. Rendemento nas últimas competicións, previas á selección. Se terá en conta todas as competicións oficiais: controis, trofeos, campionatos e ligas de clubs, campionatos autonómicos, probas nacionais e internacionais, etc.
- De ser posible por calendario, o campionato galego absoluto sería a proba final e clave de selección.
- Enfrontamentos directos entre os atletas.
- Criterio técnico do responsable do sector e Director técnico.

#### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS SUB18**

(Esta tempada 2020 só asiste un muller Sub18, non hai proba de marcha masculina)

- Posto no ranking galego en todas as distancias primando para esta selección a proba de 5000m Marcha en pista.
- Estado de forma. Rendemento nas últimas competicións, previas á selección. Se terá en conta todas as competicións oficiais: campionatos galegos sub18, GP Cantones, controis, trofeos, campionatos e ligas de clubs, campionatos autonómicos, probas nacionais e internacionais, etc.
- Enfrontamentos directos entre os atletas.
- Criterio técnico do responsable do sector e Director Técnico.

#### **CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB16 CSD**

- Posto no ranking galego Sub16. Se terá en conta as mellores marcas en 3 e 5 km primando a oficial do campionato (3000m Marcha mulleres e 5000m Marcha homes).
- Estado de forma. Rendemento nas últimas competicións, previas á selección.
- Actuación no Campionato Galego sub16 ou proba final seleccionable (podería ser GP Cantones de A Coruña – Sergio Vázquez)
- Enfrontamentos directos entre os atletas.
- Criterio técnico do responsable do sector e Director Técnico.



**SECTOR DE LANZAMENTOS (Responsables: Raimundo Fernández e José Manuel Hermida, Área de promoción: José Domínguez Caballero)**

**MARTELO**

**CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS**

- Posto ránking galego.
- Nivel medio de marcas e rendemento na competición importante, a criterio do Comité Técnico.

**CAMPIONATO DE ESPAÑA CADETE-SUB16 CSD**

- Gañador Campionato de Galicia Cadete.
- Posto ránking galego
- A criterio do Comité Técnico, cando a súa marca é moi superior ó/a campión/a de Galicia

**DISCO, XAVELINA E PESO**

**CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS**

- Posto ránking galego
- No caso de incidencias será o Comité Técnico quen decida.

**CAMPIONATO DE ESPAÑA CADETE-SUB 16 CSD**

- Posto no ránking galego ata 10 días antes da competición
- No caso de incidencias será o Comité Técnico quen decida

**SECTOR DE VELOCIDADE (Responsable: José Carlos Tuñas)**

**CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS**

**(18 Xullo – Ciudad Real)**

Como primeiro criterio terase en conta a mellor marca realizada polo atleta en función à proximidade dá competición. En caso de atletas con marcas similares, terase en conta ou resultado do Campionato de Galicia absoluto e/os enfrontamentos directos entre os atletas implicados. Será obxecto de valoración a asistencia ás concentracións. Será obrigatorio correr no campionato galego nas probas onde se opte a ser seleccionado. Poderán ser excluídos desta norma os atletas que estean autorizados polo responsable de sector.

A formación dos equipos de remudas quedará a criterio do responsable do sector. Terán praza fixa ou representantes nos 100 e 200 m.l. tanto en homes como en mulleres no relevo 4x100. No caso de que un/a mesmo/a atleta corra as dúas probas no Torneo, para completar o equipo valorarase ou posto que o atleta ocupe na clasificación, sempre que o/a atleta haxa conquistado a marca nos quince días anteriores a competición e competise no campionato galego na/s probas de 100 e/ó 200 m.l.

Teranse en conta **só as marcas oficiais e válidas conseguidas en competicións oficiais e coa velocidade do vento regulamentaria**; en caso de marcas similares





optarase por atletas que xa están seleccionados noutras probas para formar parte da competición en probas individuais e a súa experiencia en probas de remudas e que asistisen as concentracións do sector de velocidade.

No relevo 4x400 a composición do equipo quedará a criterio do responsable do sector, tendo praza fixa vos atletas que fosen seleccionados/as para as probas de 400 lisos e 400 valados. Para as dúas restantes prazas valorarase ou posto que ou atleta ocupe non clasificación, sempre que ou/a atleta haxa conquerido a marca nos quince días anteriores a competición e competise no campionato galego na proba de 400 m.l.

### **CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB 16 (20-21 Xuño Cuenca) e SUB 18 (6 de Xuño en Pamplona)**

Dado que estas competicións celébranse antes dos campionatos galegos, nas probas individuais terase en conta a mellor marca realizada polo atleta en función da proximidade da competición, tendo en conta a data de inscrición a este campionato. Teranse en conta **só as marcas oficiais e válidas conseguidas en competicións oficiais e coa velocidade do vento regulamentaria, non se terán en conta as marcas con vento non regulamentario, excepto os/as atletas que non puidesen correr nunca con vento regulamentario**, nese caso valorarase polo responsable de sector.

Non caso de marcas semellantes (a mesma décima nos 100 e dúas décimas nos 300 e 400 non caso dúas sub16 ó sub18) terase en conta os enfrontamentos directos entre os atletas. Non caso de que un atleta figure como primeira opción nas probas de 100, 200, 300 e 400 inscribírase na proba que mais beneficie a os intereses da selección. Valorarase a asistencia ás concentracións.

Nas probas de relevos tomarán parte os catro integrantes xa seleccionados para ou campionato noutras probas no caso dos sub16 por motivo da propia regulamentación da competición.

No encontro sub18 os relevos formaranos os dous atletas teñan a mellor marca en ambos sexos tendo en conta a data de inscrición da competición, tanto para o relevo 4x100 como para relevo 4x400.

### **SECTOR DE VALADOS (Responsable: Vicente Veiga Doldán)**

#### **CAMPIONATO DE ESPAÑA DE FEDERACIONES AUTONÓMICAS ABSOLUTA, SUB18 e SUB16**

- Estado de forma mostrado no ámbito do evento para o que se selecciona.
- Valorarase o resultado das competicións inmediatamente anteriores ao encontro. Cando o encontro se dispute despois do Campionato de Galicia da categoría, a actuación no mesmo terá un valor moi alto para considerar ese estado de forma. En caso de dúbida por igualdade de marcas, o resultado no Campionato de Galicia terá capacidade decisoria.
- Resultado no Campionato de Galicia Absoluto
- Posición no ránking da tempada en curso
- Capacidade competitiva demostrada en competicións anteriores coa selección



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

### **SECTOR DE PROBAS COMBINADAS (Responsable: Secretario Técnico FGA)**

- Será a criterio do Comité Técnico.
- Terase en conta o historial do/a atleta, resultados na mesma tempada de pista cuberta e estado de forma previo a confeccionarse a selección.

A Coruña, 5 de febreiro de 2020



**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**